



CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA (EXERCICIO 2017)

INTRODUCCIÓN

Reunidos,

Dunha parte **Don Jesús Otero Varela, Alcalde-Presidente do Concello de Vila de Cruces .**

E de outra **D. Miguel Villar Costoyas, Presidente da FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con N.I.F. G15859911,** con domicilio ós efectos de notificacións en Avda. Lugo nº 123-Planta BX 15702 Santiago de Compostela-A Coruña.

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e subscribir o presente convenio.:

CONSIDERAN

- I- A actividade de fomento, que constitúe unha parte importante da actividade financeira do sector público, consiste en canalizar a través de subvencións, co obxectivo de dar resposta con medidas de apoio financeiro ás demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Dita parte da actividade financeira do sector público está regulada principalmente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei e pola Lei 9/2007 de Subvención de Galicia.

- II- A normativa citada establece que a xestión das subvencións realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Todo iso a través dos procedementos de outorgamento previstos legalmente.
- III- Dita normativa establece como réxime xeral de concesión de subvencións o procedemento de concorrencia competitiva; non obstante o artigo 22.2. da Lei establece que poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:
a) As previstas nominativamente nos orzamentos da entidade local respectiva, nos termos recolleitos no Convenio regulador da subvención.
- IV- Respecto diso, o artigo 28 da Lei di, con respecto ao procedemento de concesión directa de subvencións, que a resolución de concesión e os convenios a través dos cales canalizar dita subvención, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei,

Concello de Vila de Cruces



sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente polas Corporacións Locais.

- V- Respecto diso, o artigo 65 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establece que son subvencións previstas nominativamente nos orzamentos aqueles cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento. Así mesmo, o procedemento para a concesión de devanditas subvencións iniciarase de oficio polo Centro Xestor do Crédito Presupostario ao que se imputa a subvención ou a instancia do interesado e terminará coa resolución de concesión ou o convenio, tendo en calquera dos casos o carácter de base reguladora da subvención.
- VI- O concello ten competencias entre outras en avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social segundo os Arts. 25.2.e] e 26.1.c] da Lei 7/1985 RBRL, L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e normativa de desenvolvemento.
- VII- Que en virtude do establecido no orzamento do Concello prevese a aportación a esta asociación dunha subvención de carácter nominativo, para o desenvolvemento de actividades de interese común que desenrola a FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.
- VIII- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Vila de Cruces, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.
- X- Que da solicitude presentada pola Fundación e do orzamento para 2017 despréndese que o Concello de Vila de Cruces consignou unha subvención nominativa polo a cantidade de **4.000,00 € no ano 2017** na aplicación 231.48 para a realización de actuacións de cobertura de necesidades básicas a familias con menores.

E por todo o anterior subscriben o presente Convenio coas seguintes:

CLAUSULAS

I.- É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Vila de Cruces coa **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA** co fin de levar a cabo actuacións de cobertura de necesidades básicas a familias con menores durante o exercicio 2017 de acordo co orzamento presentado.

II.- O Concello de Vila de Cruces comprométese a facilitar á **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA**, a cantidade máxima de **4.000,00 euros (catro mil Euros)**, non podendo superar en porcentaxe relativo de gasto subvencionable o **80% do importe total do proxecto presentado** en concepto de gastos da actividade “Plan Integral pola Integración social e contra a exclusión social. Atención prioritaria á infancia” no Concello de Vila de Cruces segundo

Concello de Vila de Cruces



proxecto presentado, o pago da aportación farase con carácter pospagable, unha vez xustificada a subvención e dunha vez, debendo inexcusablemente xustificarse nos termos que se concrete adxuntándose, no momento da firma do presente convenio, os documentos seguintes:

1. N.I.F da Asociación ou entidade. Ou no caso de agrupación de persoas físicas, documento de constitución da agrupación e modelo de composición da mesma.
2. Declaración de compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Vila de Cruces en toda a información que realice ((impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades ou investimentos
3. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2017, referidos a actividade subvencionada e descrición do proxecto.
4. Declaración responsable asinada polo Presidente/a da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita Asociación se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, nin é debedora do Concello por resolución de reintegro.

No caso de subvencións concedidas por importe igual ou superior a 3.000,00 € esta última circunstancia acreditarase mediante a achega de certificacións emitidas polo Estado, pola Comunidade Autónoma e pola Seguridade Social de acordo co disposto no artigo 22 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Respecto a circunstancia de estar ao corrente coa Facenda local este será emitido de oficio pola Corporación.

5. Certificado do secretario da entidade no que se reflexen as subvencións, axudas ou outras aportacións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida.
6. Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
7. Escrituras de constitución e acta de nomeamento de cargos en vigor salvo que xa se atopen a disposición do Concello.

III. A contía da subvención reducirase nos seguintes supostos:

Concello de Vila de Cruces



- a) Se o importe dos gastos xustificados fose inferior ao orzamento presentado pola entidade sempre que se acredite o cumprimento da finalidade e a realización das actuacións.
- b) Si se obtiveran outras subvencións, ingresos ou recursos que sumados á subvención municipal excederan dos gastos xustificados. A redución proporcional terá lugar neste caso conforme resulte da redistribución da financiación total obtida para o obxecto da subvención en función do coste definitivo.

No suposto de que as outras subvencións, ingresos ou recursos se obtiveran despois de percibir a subvención municipal e se dera a circunstancia prevista no párrafo anterior procederá o reintegro.

2ª GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

Os Gastos de xestión serán unicamente subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros deudores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda.

3ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS E PAGOS

I.- A xustificación da subvención deberá de facerse conforme establece o artigo 26 da Ordenanza Xeral de Subvencións, debendo de presentar como mínimo:

1.- Memoria de actuación e memoria económica con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Facturas regulamentaria (con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil.

As facturas deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- **Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “factura utilizada como xustificante de gasto para subvencións do Concello de Vila de Cruces”. Asumirase compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.**



- **Número e no seu caso serie, data de emisión e data en que se efectuasen as prestacións en caso de ser disinta á data de emisión. A data das operacións deberá estar comprendida entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017.**
- **Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.**
- **Reflexará os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).**
- **Reflexará os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).**
- **Incluirá unha descripción detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflexarse o tipo impositivo de IVA correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, e a cota tributaria por separado. No suposto de que a operación que se documenta nunha factura estea exenta do imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, ou aos preceptos correspondentes da Lei do imposto ou indicación de que a operación está exenta. O disposto nesta letra aplicarase, así mesmo, cando se documenten varias operacións nunha única factura e as circunstancias que se sinalaron se refiran unicamente a parte delas.**
- **Si está suxeita a retención de I.R.P.F.: tipo de retención aplicada, cota resultante e importe a pagar.**
- **Os citados documentos marcaranse cunha estampilla na que se indique que os mesmos foron presentados para a xustificación da subvención concedida polo Concello de Vila de Cruces por importe de euros, e serán devoltos ao beneficiario.**

3) Xustificantes de pago

a) PAGO POR TRANSFERENCIA

Xustificarse mediante:

-Resguardo do Banco ou Caixa da orde de transferencia realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada (selado pola entidade bancaria).

NOTA: Esta documentación pode substituírse por un certificado (ou outro título similar) emitido pola entidade bancaria que conteña:

Concello de Vila de Cruces



- O titular e o número da conta na que se carga a transferencia.
- O ordenante da transferencia.
- O/a beneficiario/a .
- O concepto polo que se realiza a transferencia.
- O importe e a data da operación.

b) PAGO POR DOMICILIACIÓN BANCARIA

Xustificarase mediante:

- Notificación bancaria do adeudo ou Extracto da C.C. onde figure o cargo da domiciliación (selados pola entidade bancaria).

NOTA: Esta documentación pode substituírse por un certificado (ou outro título similar) emitido pola entidade bancaria que conteña:

- O titular e o número da conta na que se carga o adeudo.
- O ordenante do adeudo.
- O/a beneficiario/a .
- O concepto polo que se realiza o adeudo.
- O importe e a data da operación.

c) PAGO POR CHEQUE NOMINAL

Xustificarase mediante:

- Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura ou documento equivalente e
- Extracto da C.C. onde figure o cargo do cheque
- Certificado da entidade bancaria na que conste o número do cheque, o seu importe, identificación de quen o cobra e data do cobro.

NOTA: Non é preciso presentar o extracto da C.C. se o certificado da entidade bancaria inclúe tamén a identificación do número da conta na que se cargou o cheque e do titular da mesma (que debe coincidir co/a beneficiario/a de a axuda).

d) PAGO EN METÁLICO

Se xustificará mediante:

- Factura na que figure a expresión “recibí en metálico” ou “pagado” coa firma e selo do emisor da mesma. Deberá incluír a data de pago do mesmo.
- Ou certificado do provedor no que conste a información detallada.

Sempre que sexa posible, utilizar a transferencia bancaria como forma de pago. Facilitará os trámites necesarios para o abono da subvención.

O titular da conta bancaria na que se realice o cargo da operación (a transferencia, o adeudo domiciliario, etc) debe ser o/a beneficiario/a de a axuda.



- 4) Declaración asinada polo Presidente da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida e na que se acredite as actividades realizadas e financiadas pola subvención; en caso de que se reciban outras subvencións coa mesma finalidade, deberán incluírse nesta relación ditos gastos.
- 5) Relación segundo o modelo que se entregará, asinada polo Presidente da entidade dos gastos realizados con cargo á subvención.
- 6) Certificado asinado polo Secretario da entidade beneficiaria, das subvencións axudas e outras aportacións solicitadas e/ou concedidas por outras entidades ou persoas e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.
- 7) Un exemplar de la documentación gráfica da actividade onde conste patrocina ou colabora Excmo. Concello de Vila de Cruces.
- 8) Declaración responsable asinada polo Presidente/a da Asociación concretando expresamente que dita Asociación se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de subvencións concedidas por importe igual ou superior a 3.000,00 € esta última circunstancia acreditarase mediante a achega de certificacións vixentes emitidas polo Estado, pola Comunidade Autónoma e pola Seguridade Social de acordo co disposto no artigo 22 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións salvo que xa obren en poder desta administración.

Respecto a circunstancia de estar ao corrente coa Facenda local este será emitido de oficio pola Corporación.

- 9) Declaración sobre posibilidade/imposibilidade de recuperación do IVA.
- 10) Declaración da aplicación dos fondos da subvención asinada polo Presidente.
- 11) As tres ofertas en caso de obras por importe superior a 50.000,00 euros ou servizos ou subministrados por importe superior a 18.000,00 euros.

A súa presentación realizarase como máximo o día 1 de decembro de 2017.

II.- A **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA** obrígase a realiza-las xestións oportunas para levar a bo termino ditas actividades, comprometéndose a destina-lo importe da cantidade recibida do Concello de Vila de Cruces ó desenvolvemento das mesmas.

III.- En ningún caso, o persoal para o desenrolo das actividades indicadas polos membros da **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA** terán vinculación ou relación laboral ou fiscal co concello de Vila de Cruces.

Concello de Vila de Cruces



4ª MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O importe total de todas as axudas concedidas e recursos obtidos para a mesma actividade non poderá superar o 100% do custo da mesma.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención.

5ª OBRIGAS DO BENEFICIARIO

I.-A **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA** queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

- 1º.- Cumprir los obxectivos de correcta execución das actividades subvencionadas.
- 2º.- Xustifica-la execución das actividades e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.
- 3º.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.
- 4º.- Comunica-la obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.
- 5º.- Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 6º.- A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello de Vila de Cruces.
- 7º.- Resultará obrigado solicitar tres ofertas en caso de obras, subministros ou servizos cando superen o importe do contrato menor previsto na Lei de contratos.

A Intervención Municipal, comprobará, de oficio, que a **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA** está o corrente coa Facenda Municipal.

6ª VIXENCIA DESTE CONVENIO

I.- O presente Convenio terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

7ª CONTROL

II.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio podrá constituirse unha comision integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do concello e polo Presidente da **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA**

Concello de Vila de Cruces



Non obstante, a **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA**, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos términos regulados na Lei 38/2003.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda face-la Intervención ou o órgano municipal competente.

8ª COMPATIBILIDADE

As subvencións reguladas na presente orde serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de cualesquiera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, tendo en conta que o importe total das subvencións recibidas en ningún caso poderá ser de tal cuantía que, aisladamente ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, procedendo en tal caso o reintegro do exceso.

9ª GRADUACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

Os criterios proporcionales de graduación de incumplimentos serán os seguintes:

- O incumplimento total e manifesto dos obxectivos de realización das actividades para os que se concedeu a axuda, será causa de revogación da axuda concedida.
- O incumprimento da adopción de medidas de difusión dará lugar á perda do dereito de cobro da subvención.
- Perderá o dereito ao cobro da subvención o beneficiario que non xustifique, a lo menos o 60% do proxecto inicialmente presentado, sen prexuízo de posibles modificacións.
- A subvención reducirase proporcionalmente en función dos gastos realmente executados do proxecto ou actividade subvencionada.

10ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

II.- Dada a natureza xurídico-pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

En Vila de Cruces a de de 201.

Concello de Vila de Cruces



POLO CONCELLO

Asdo.- O Alcalde

Asdo.- O Presidente/a

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492